

ct

El gran sueño de Camila

de
Isabel Gonzalo

(fragmento)

(En primeira escea aparece o típico dormitorio matrimonial dos anos corenta coa súa cama de madeira de castaño onde descansa un xergón de follato cubrido por unha colcha vella e onde se divisan na mesma uns grandes rachos arranxados con farrapos diferentes. Polos laterais da cama unhas mesiñas de noite da mesma madeira mencionada anteriormente son decoradas cuns tapetes de ganchillo elaborados artesanalmente. Tamén destaca o roupeiro de sequoia, probablemente extraído das Américas dalgún antepasado da familia e un lavabo dos anos corenta coa tradicional palancana e a súa xerra. Enriba da cama encóntrase unha antiga maleta onde Camila prepara a súa equipaxe.)

CAMILA

¡ Ai , María ¡ o que ten que facer unha muller para vivir feliz . Xa estou cansa de tanto traballar e máis de aturar a Servando ; que Camila por aquí , que Camila por alá , ¡ Ai , e que me sacan de quicio eh ¡. Vou realizar o soño máis desexado da miña vida e que ningún mo impida que leva unha tunda... ¡ unha tunda de moito coidado!

(Repárase nun pequeno silencio onde Camila medita un pouco á vez que pon unhas saias na maleta)

CAMILA

La ra la la , la ra la larala le re le le re le le re le (poñéndose a cantar) . Ahora a blusa , despois a faixa , la ra la , la ra la, la ra la , le re le . (De repente escóitase un ruído estrano que a fai calar) ¡ ei ¡ quen anda aí ,

(Un ratiño sae por debaixo do comodín alarmando a Camila, esta colle unha escova e intenta matalo)

CAMILA

Ai , un rato , ¡ me cago na terra!, un rato que seguramente subiu do alboio dos animais , chimba , chumba e toma (dándolle coa escova ó rato deixandoo arparado) ¿ acaso pretendíasme asustar?, pois si que che estamos bos , eu cansa de tanto traballar e aínda por riba con ratiños na miña habitación ¡ mira que... chumba , chumba e chumba (dándolle de novo unha malleira . A continuación colle un fermoso vestido do roupeiro e méteo na maleta mirándoo con verdadeira satisfacción) (Servando enta no cuarto)

SERVANDO

e ti , ¿ Pódesme dicir qué raio fas co vestido dos domingos se hoxe é venres? , e é máis ¿ qué fas con esa maleta cargada de roupa ,? ¿ acaso marchas para as Américas? (ríndose polo baixo).

CAMILA

non (Camila fala mentres manosea unha das súas prendas de vestir)

SERVANDO

¡ ah , menos mal , xa empezaba a creer que todo iso era verdade , ¡ menudos sustos das , Camila!

CAMILA

ás Américas non me vou, voume a París. Quero cumprir o meu soño de ser actriz e triunfar no mundo do teatro que é o que máis desexín e desexo na miña vida.

SERVANDO

¡anda , mira que desilusión me acabas de dar!

CAMILA

e logo, pensei que te sentirías orgulloso pola decisión que acabo de tomar ; ti sempre me dixeches que cumprira os meus desexos ,e iso é o que che estou intentando explicar , e iso... que xa mo dixeches moito antes de nos facer mozos eh ;

SERVANDO

sí muller sí, pero eu pensaba que o teu desexo era ser a miña esposa e facerme feliz . boh ¡ si chego a sabelo xa non cho dicía ¡ oh! . Ademáis qué vas facer alí , ¡ onde vas estar mellor ca aquí!

CAMILA

mira que cara lle bota o outro , que o único que quere de min e que lle estea ó seu servicio como a chacha do señorito para estar as súas ordes . Pois sabes que che digo , que xa me marcho mañán para aló , ¿ entendes Servandiño ? (tirando a súa prenda de vestir no chan con moita furia e poñéndose de brazos cruzados)

SERVANDO

¡ bueno , pois marcha para onde queiras pero non me rómpala cabeza ! ¡ xa estou farto de aguantarte!

CAMILA

ai sí , pois non te preocupes que marchar xa marcho agora (cerrando a maleta collendo a mesma e dirixíndose cara a porta)

SERVANDO

non , muller non , (colléndoa pola man e levándoa ata a súa posición á vez que a colle nos seus brazos) ven aquí que eu quérote moito miña parruliña ; non pensarías que o de marchar cho dixeran en serio ¿non ? (intentando poñerse cariñoso coa súa muller) ¡ai meu mel de pucheiro ¡ , ¡ ai meu alecrín ¡

CAMILA

sí xa (poñéndose enfurruñada)pero antes ben que me berrabas ¡ e moi forte eh -

SERVANDO

perdóame muller, ó millor paseime un pouco

CAMILA

se queres que che perdoe terasme que facer un favor

SERVANDO

a ver muller a ver ¿ qué me queres? (separándose dela)

CAMILA

pois tesme que mover o follato do xergón, porque pola miña parte da cama hai un cañoto que me crava na paletilla e...

SERVANDO

¡ sí home! ¡ para que despois me pique a min! de iso nada

CAMILA

Servando....

(movendo o pé , cruzando os brazos e mirando para el para que a súa petición se cumprise)

SERVANDO

vale , muller vale , que me pos uns ollos de lercha que meten medo; xa vou agora

(a continuación Servando ponse a revolver o follato do xergón e mentres Camila colle un coxín da cama de plumas de galiña e dalle un forte golpe que lle fai cair da cama)

SERVANDO

¡ mal raio que te fixo - , ¡ estás chea de maldade! maldigo a túa nai por me tirar

(subindo á cama coa axuda da saba e finalmente quedando de xeonllos)

CAMILA

pois de paso maldices ó meu pai que foi o que me fixo casar contigo (de novo colle o coxín e dalle outro golpe aínda máis forte , quedando así, inconsciente no chan) ¡Ai! que gañas tiña de facer isto , ¡ por Deus!(quedándose de brazos e moi satisfeita do seu feito) ¡ Ha ! . qué pensaba , que me ía convencer cos seus típicos enganos , ¡non oh! ¡ que pensa qui é!

(De seguida Camila colle de novo a maleta deixada anteriormente cerca da porta e decídese a marchar , pero vese interrompida polo seu pai que acaba de chegar , o que lle fai retroceder)

TITO

Camila, ¿ pódese saber a onde ías ? e dende logo ¿ que fai Servando tirado no chan ? cóntame que pasou aquí que xa me estou poñendo nervoso e todo

CAMILA

ola meu pai ; pois nada, que a Servando hoxe apeteceulle durmir a sesta no chan e eu marchaba para o lavadoiro ; nada fora do normal , creo eu (facendo coma se non pasase nada)

TITO

e logo esa maleta ateigada de roupa , que caiu , do ceo

CAMILA

do ceo non ,do roupeiro , que se as cousas caeran do ceo todo o mundo sería rico

TITO

Camila , Camila , que hoxe non che ando con bromiñas, dime a verdadeira versión dos feitos . A ver se cres que podes enganar ó teu pai tan fácilmente.

CAMILA

a verdade é ... é... (poñéndose nervosa e moi indecisa ó contar a verdade) que me marchou a París .

TITO

¡ arre Carallo! logo... ¿ a onde vas tan lexos muller –eu creo, que hai sitios moito máis cerca para visitar (bromeando sobre a noticia que lle acaba de comunicar a súa filla)

CAMILA

para visitar si pero para actuar non

TITO

¿ qué queres dicir con iso?

CAMILA

pois que marchou para París para ter a posibilidade de ser actriz e así triunfar no mundo do teatro. Levo toda a miña vida pensando en que un día triunfarei como actriz e ese soño , desgraciadamente, vese interrompido por vos e polas vosas costumes da rutina rural(falando con firmeza)Seguirei o exemplo da miña nai , xa que ti non lle deches tempo para realiza-lo soño que agora mesmo as dúas , nai e filla , temos en común.

TITO

Camila , Camiliña, non che permito que digas iso; túa nai debeu permanecer no pobo toda a súa vida como era o seu deber, e o teu tamén. Ademáis, pensa ben o que dis ,¿ onde vas estar millor que aquí?, se este entono noso é todo un paraíso, pensao ben Camila. Ademáis non creo que ti teñas esa posibilidade , de mil mulleres ó millor só ten éxito unha.

CAMILA

nada me fará cambiar de opinión, xa está todo decidido; marchareime mañá pola mañá cedo e non sei cando volverei , quizás para ó mes, para o ano , ou quizás nunca. Ademáis o éxito está asegurado , co tipo que teño (movendo as cadeiras e o seu longo cabelo loiro) todo o munda cairá rendido ós meus pés

TITO

pero filliña , ti sabes o que dis, quén coidará de Servando e Moncho,e sobre todo qué dirá a xente do pobo. Non sei Camila , pero creo que estás tomando esas decisións túas moi precipitadamente e iso non che é cousa boa

CAMILA

non estou tomando nada precipitadamente , iso é algo que levaba pensando fai moito tempo , ademáis , Servando sabe coidarse de sobra e este coidará de Moncho. Cántos rapaces non teñen nai e o seu pai arrégrase só

TITO

filla, de ninguna maneira deixarei que marches a ningures mentres que o teu fogar estea aquí, ¿ entendes